


## RESOLUCIÓN REITORAL DE 13 DE SETEMBRO DE 2017 DE CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN REITORAL DO 7 DE SETEMBRO DE 2017 POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA EN DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E MEDIO AMBIENTE E “PLAN SuMA” PARA O CURSO ACADÉMICO 2017/18.

Detectado erro na base II da convocatoria de bolsas de formación do alumnado da Universidade de Vigo na que se establecen os requisitos das persoas solicitantes das:

- a) 5 bolsas de formación no “Plan de sustentabilidade e medio ambiente(plan SuMA)”,
- b) 2 bolsas de formación no ámbito do desenvolvemento sostible e a xestión ambiental,

esta Reitoría RESOLVE modificar a devandita base que queda redactada do seguinte xeito:



### II. PERSOAS DESTINATARIAS E REQUISITOS

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- *Estar matriculado/a na Universidade de Vigo no curso académico 2017/2018 en titulacións oficiais de*
  - *grao ou máster das ramas de Ciencias e Enxeñaría e Arquitectura no caso das bolsas do Plan SuMA*
  - *máster ou doutoramento das ramas de Ciencias e Enxeñaría e Arquitectura no caso das bolsas de desenvolvemento sostible e medio ambiente.*
- *No caso de optar as bolsas do Plan Suma: ter superado o 50% dos créditos no caso de estudantes de grao, e o 100% dos estudos que dan acceso ao máster no caso de estudantes de máster.*
- *Non estar nunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 13 de setembro de 2017

O reitor

Por delegación (R.R. 29/06/2017 DOG do 19 de xullo)

O vicerreitor de Economía e Planificación

José Manuel García Vázquez



Servizo de Bolsas e Prezos Públicos

Universidade de Vigo

Diligencia para facer constar que esta resolución publicase nos taboleiros de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo.

Vigo, 14 de setembro de 2017

A xeña da área de bolsas,

*P. Fandiño*

Mª de la Purificación Fandiño Pérez